



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2016.-**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b></p> <p><b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. MANUEL BELLO BOUZA. D<sup>a</sup> CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA. <b><u>SR. SECRETARIO :</u></b> D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do vinteito de novembro de dous mil dezaseis, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

### **1º.- Declaración Institucional FEMP “Día Internacional da violencia contra a muller”.**

Dase conta da Declaración Institucional FEMP “Día Internacional da violencia contra a muller”, que seguidamente se transcribe:

“La Federación Española de Municipios y Provincias se suma, un año más, junto a los estados, las regiones y entidades locales de todo el mundo, a la conmemoración del día 25 de noviembre. Día Internacional para la Eliminación de la Violencia contra las Mujeres, con el fin de manifestar el más enérgico rechazo ante cualquier tipo de violencia de género, y, asimismo, renovar su compromiso de colaborar e impulsar acciones cuyo fin sea la erradicación de la gran lacra social que supone la violencia contra las mujeres y las niñas.

Este tipo de violencia es una de las vulneraciones más graves de los derechos y libertades. En una sociedad legalmente igualitaria, con un marco jurídico que nos sitúa en la vanguardia de los países del entorno, las cifras de muertes y agresiones contra las mujeres y las niñas siguen siendo abrumadoras y, año tras año, nos indican que hoy más que nunca es necesario incrementar los esfuerzos y erradicar aquellas actitudes y comportamientos cotidianos que



reproducen la desigualdad y que están en el origen de la violencia de género contribuyendo a perpetuarla.

La superación de este tipo de violencia es muy compleja pero se inicia atajando la desigualdad histórica entre hombres y mujeres, abordándola desde un compromiso real, con la implementación de medidas integrales eficaces que se traducen en políticas preventivas y de intervención desde las edades más tempranas.

La experiencia confirma que cuanto más cercana están administración y ciudadanía, más eficaces son las medidas de sensibilización, de educación o de detección precoz, y más eficaz es la respuesta de urgencia o el seguimiento de los servicios. En suma mejores resultados se obtienen en la lucha contra la violencia de género.

Conscientes de ello, administración locales han ido implementando normas y planes con medidas específicas que favorecen la igualdad de oportunidades, introduciendo, en la mayoría de los casos, la igualdad de género como paradigma de progreso.

Sin embargo, a pesar del avance, el hecho de que la violencia machista perdure es deleznable por lo que debemos seguir trabajando. Es por ello que, la FEMP en este día, convoca a los gobiernos locales a:

**Incluir la Violencia de Género en la agenda política como un problema prioritario.**

**Reforzar los esfuerzos para la implementación de políticas integrales contra la violencia de género, diseñados desde la defensa de los derechos de las mujeres y dirigidas a promover la igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres como un paso adelante para la transformación social necesaria para superar esta lacra social.**

**Desarrollar campañas preventivas y con especial incidencia las dirigidas a la población infantil y adolescente, en colaboración con las comunidades y agentes educativos.**

**Promover acuerdos, desde todos los grupos políticos, con el fin de que existan medidas de prevención y de protección eficaz, así como las medidas que sean necesarias para luchar con todos los medios contra este tipo de violencia.”**

Sometida a votación a Declaración Institucional o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

**2º.- Aprobación se procede das actas das sesións:**

**a) 24/11/2015.**

**b) 29/04/2016**



c) 31/08/2016

d) 31/10/2016

Interven o voceiro do BNG Sr. Mesias Farias, quen manifesta que na acta correspondente o día 29 de abril de 2016, hai un erro tipográfico, xa que pon adicación exclusiva de 25 euros, cando debería poñer de 25.000 euros.

Asimesmo no acta do 31 de outubro de 2016, hai un erro, posto que os Grupos Municipais do PP e NAL presentan unha EMENDA para a supresión do punto num. 4 da Moción sobre apoio ós traballadores do Mar, a cal resultou aprobada con esta emenda.

Sometidas a votación as actas coas correccións anteriormente descritas, o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

## **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**

### **3º.- Dar conta das Resolución dictadas pola Alcaldía.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril

O Concello Pleno dase por enterado.

### **4º.- Mocións e Propostas.**

**a) MOCIÓN DO BNG: Ampliación da acreditación por violencia machista, da creación do estatuto do feminicidio e da toma de medidas contra as consecuencias sobre as mulleres da desigualdade económica.**

Dase conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG do seguinte teor literal:

**“MOCION A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO E DA TOMA DE MEDIDAS CONTRA AS CONSECUENCIAS SOBRE AS MULLERES DA DESIGUALDADE ECONOMICA”.**

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación a seguinte Moción:



## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

Visibilizar e erradicar a violencia machista en todas as súas formas e en todos os ámbitos é un dos retos máis importantes que temos como sociedade de cara ao futuro.

Por iso, o feminismo e as políticas feministas son ferramentas fundamentais coas que debemos traballar sen dar nada por conseguido en canto siga exercitándose a violencia contra as mulleres polo mero feito de ser mulleres.

Nos últimos tempos, avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo mobilizador e concienciador dos diferentes movementos de mulleres. Porén, non é suficiente, temos que seguir avanzando na rúa e nas institucións e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visíbel do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. Ademais, é clave visibilizar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física até outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstétrica e trados inadecuados no marco da sanidade até a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, ocupando as peores taxas de desemprego e precarización, padecendo a desigualdade salarial e ocupando a maioría dos traballos non asalariados consecuencia das situación de dependencia familiar e da falta de recursos públicos. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.

Queda moito por facer e a loita contra a violencia debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e social. Por iso, tendo sido importantes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, despois de anos de aplicación, son insuficientes en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos. Por iso, cómpre avanzar e mellorar os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Fimicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Fimicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración Local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de



modificar a Lei Orgánica 1/2004 de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Víctima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautela, sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.

Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do Concello.

Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007 do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio.

Finalmente, instar a Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

2.- Instar á Xunta a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e a rescisión dos contratos da Xuntas coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.

3.- Instar á negociación dun Protocolo de prevención e actuación ante o acoso sexual, laboral e por razón de xénero e dun Protocolo de actuación no Concello de Ares ante situación de violencia machista, coa representación legal dos traballadores. Os grupos políticos municipais Terán acceso á apertura das investigacións, así como do informe de resolucións dos expedientes, garantindo a transparencia na información.

O Concello de Ares difundirá entre todo o persoal o contido do Protocolo, co obxecto de que todas as traballadoras e traballadores coñezan as actuacións para previr, detectar e resolver as situacións de acoso laboral e outras discriminacións que se poidan producir na Administración Local, e ao mesmo tempo, amosar o seu compromiso institucional para a erradicación total destas condutas e para garantir a saúde das persoas que sofren estas situacións, así como e a asistencia e protección das vítimas.

4.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado.”



Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, propoñendo que a Moción quede enriba da Mesa, posto que sobre o mesmo tema acaban de aprobar unha declaración institucional.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Martínez Martínez, propon a seguinte emenda transaccional:

“1.- Insta ao Parlamento de Galicia a constituir neste período de sesión a Comisión non permanente de Estudio para a igualdade e para os dereitos das mulleres.

2.- Insta ao Parlamento de Galicia a incluír no plan de traballo da Comisión non permanente de estudo para a igualdade e os dereitos das mulleres, a proposta dos grupos parlamentarios que a integran, a persoas expertas no ámbito xurídico, co obxecto de poder avaliar a inclusión do termo feminicidio na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como outras posibles modificacións legislativas.

3.- Instar á Xunta de Galicia, en diálogo coas organizacións sociais, sindicais e empresariais e, dentro da Mesa de Diálogo Social, a que se promovan medidas encamiñadas a que as empresas cumpran co dereito á igualdade salarial e a non discriminación retributiva entre mulleres e homes.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía de que o asunto quede sobre a mesa o Pleno do Concello, por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES e 3 PP), E 3 votos en contra (3 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia deixar a Moción sobre a Mesa.

Acto seguinte e antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase ós voceiros se algún quere someter á consideración do Pleno pola vía de urxencia, algunha Moción, non presentándose ningunha.

### **5º.- Rogos e Preguntas.-**

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Sr. Mesias Farías, quen fai as seguintes preguntas:

Pregunta pola Resolución da Alcaldía 450/16 e 421/16, relativas o aluguer dunha finca para dar servizo para a realización das obras do muro do Campo de Fútbol Municipal.

Acto seguinte pregunta pola tala de árbores que se esta a levar a cabo en Redes.

Así como se esta solucionada a problemática do Río de Xanes.

Seguidamente a voceira do Grupo Popular Sra. Martínez Martínez, pregunta polas resolucións núms. 444/16 e 445/16.

Cando se vai realizar o cambio do cobro trimestral a bimensual do recibo da





auga.

Tamén pregunta a problemática creada polas aulas modulares, así como as medidas adoptados sobre o sucedido no Rio de Xanes, e finalmente a problemática creada pola vespa velutina.

Resposta o Sr. Alcalde, que en relación as obras do Numancia, hai testigos do acordo acadado inicialmente, e Código Civil permite é mais é unha obriga do propietario, o acceso para efectuar as obras, non asinou o acordo porque quería que o Concello lle comprara os terreos, posteriormente un arrendamento.

A Sra. Martínez Martínez, a usentase do Salón de Sesións sendo as 12,07 horas.

Sobre o Rio Xanes, sinala o Alcalde que estase a espera da preceptiva autorización de Augas de Galicia.

Sendo as 12,10 horas, incorporase á sesión a Sra. Martínez Martínez.

Respecto as resolucións núms. 444 e 445, son por pago de Costas no Xuízo da Casa do Patin, ó abogado e ó procurador.

En referencia co pago bimensual dos recibos da auga, esta a espera de asinar a modificación do contrato coa empresa encargada de facer as lecturas, posto que o mesmo esta para facer 4 lecturas anuais.

Sobre das aulas modulares, esta pedido o material para resolver os problemas.

Respecto da vespa velutina estanse retirando casi todas excepto as que están moi altas, que ven o GES de Mugardos.

O Sr. Lage Fernández, matiza que no Rio de Xanes, pode haber un accidente.

Sendo as 12,25 horas ausentase da Sesión a Sra. Martínez Martínez.

O Sr. Lage Fernandez, insiste que hai unha situación de perigo co estado no que quedou o lavadeiro.

Finalmente remata o Sr. Alcalde, que a obra esta vaiada, e que se alguen entra é impresible.

E non tendo máis asunto para tratar e sendo as doce horas e trinta minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,